BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Mércores, 27 de abril de 2016 Nº 80

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## TUI

### Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE CONVIVENCIA CIDADÁ NOS ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO.*

O Pleno da Corporación Municipal aprobou definitivamente, en sesión de 28 de xaneiro de 2016, a "Ordenanza reguladora de convivencia cidadá nos espazos públicos do Concello de Tui" e se procede á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co disposto no art. 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

**"ORDENANZA REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ NOS ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE TUI**

*P R E Á M B U L O*

O Concello de Tui establece a presente Ordenanza coa finalidade de protexer a convivencia cidadá entre todos os veciños e veciñas e todas as persoas que residen na nosa cidade ou a visitan, cada vez en mais número, para gozar dos seus múltiples atractivos históricos, culturais, deportivos e naturais.

Preténdese conseguir o maior e o mellor nivel de convivencia, así como a máxima protección dos nosos recursos, bens e servizos de todo tipo establecendo unha Ordenanza que desexa por enriba de todo previr as condutas que poidan danar a convivencia e promover aquelas que contribúen a desenvolver as relación libres e democráticas entre as persoas.

Así mesmo, pártese da necesaria preocupación por mellorar o entorno urbano, os espazos públicos e a calidade de vida no concello, establecendo medios para tratar de reducir o mínimo as condutas e usos pouco respectuosos ou conflitivos que puidesen afectar negativamente a convivencia cidadá.

Preténdese que a Ordenanza sexa unha ferramenta eficaz para que os servizos municipais poidan fomentar a convivencia, asegurar o libre exercicio dos dereitos e garantir o coidado e a protección dos espazos públicos ante condutas que poidan degradar a cidade e o seu entorno e afectar a calidade de vida dos cidadáns.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

Trátase de preservar o espazo público, patrimonio de todos os tudenses, como un lugar de convivencia e civismo onde todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais.

Neste ámbito de cousas temos que salientar a cada vez maior utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil mediante o coñecido "botellón" que constitúe un fenómeno social estendido ao longo e ancho de todo o territorio nacional e que, en moitos casos, é fonte de diversa problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Esta ocupación espontánea dos espazos públicos para o encontro e o ocio, especialmente dos mozos e mozas, e que é expresión do dereito fundamental de reunión consagrado no artigo 21 da Constitución Española ten o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito a intimidade persoal e familiar (art. 18 CE), o dereito a liberdade de circulación (art. 19 CE) o dereito a salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 CE) o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento das persoas (art. 45 CE) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 CE).

Non podemos perder de vista que a Declaración Universal de Dereitos Humanos proclamada pola 183ª Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, o 10 de decembro de 1948 no seu artigo 24 proclama o dereito de toda persoa "ao descanso e ao goce do tempo de lecer" e que ambos os dous dereitos abranguen ámbitos nos que xorden os conflitos entre eles.

O Concello de Tui, dende o seu ámbito competencial, é garante dos dereitos da veciñanza e ten o deber irrenunciable de evitar comportamentos incívicos, en prexuízo grave dos cidadáns cando estes non teñan a obriga de soportalos e a tal fin pode regular a actividade dos usuarios das vías públicas garantindo así tanto o dereito ó descanso como o goce do ocio da poboación en xeral e da xuventude en particular.

Trátase de impedir que a suma ou concorrencia de circunstancias que se dan dende o exercicio dunha actividade de ocio deriven nun resultado non asumible socialmente: a perturbación do normal descanso nocturno da cidadanía, especialmente nunha franxa horaria que, na nosa sociedade, asumimos como tempo de descanso: das 22:00 horas ata as 09:00 horas.

Trátase, en definitiva, de preservar os dereitos da cidadanía á protección do medio ambiente, á salubridade e saúde pública, á libre circulación e ao descanso, ao tempo que a unha adecuada conservación, e bo uso e hixiene dos espazos públicos.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

Esta intervención é cada día mais demandada, en particular polos veciños e veciñas do conxunto histórico de Tui, que esixen a intervención do Concello para solucionar as consecuencias prexudiciais que veñen padecendo.

Corresponde á Administración Municipal no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación sectorial aplicable, evitar comportamentos incívicos que se produzan en prexuízo grave da cidadanía cando esta non teña o deber xurídico de soportalo.

Nesta liña, estímase pertinente regulamentar a actividade dos usuarios dos espazos públicos, evitando unha utilización excluínte e abusiva dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

Os concellos poden intervir a actividade da cidadanía a través da emisión de Ordenanzas Municipais no exercicio da súa potestade regulamentaria segundo establecen os artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei de Bases de Réxime Local.

Asemade, ao abeiro do disposto no artigo 1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, os Concellos, no exercicio da súa función de policía, poderán intervir a actuación dos seus administrados, cando exista perturbación ou perigo de perturbación grave da tranquilidade, seguridade, ou salubridade cidadás co fin de restablecelas ou restauralas.

En canto á potestade de establecer infraccións e sancións mediante Ordenanza Municipal, existe cobertura legal no Título XI da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local que modifica a Lei 7/1985, cuxo art. 139 establece que “para a axeitada ordenación das relación de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes Ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 140 e 141”.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

*TÍTULO I*
*DISPOSICIÓNS XERAIS*

*Artigo 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN E FUNDAMENTO DA ORDENANZA*

Esta Ordenanza é de aplicación en todo o termo municipal de Tui e ten o seu fundamento na defensa dos dereitos á intimidade persoal e familiar, á liberdade de circulación, á reunión, á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores, no dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e ao descanso e tranquilidade da veciñanza.

*Artigo 2. MARCO LEGAL*

O marco normativo dentro do que se desenvolve esta Ordenanza ven establecido por:

— A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (arts. 13, 20.1 y 24).
— A Constitución Española (arts. 10, 18.1, 19, 21, 39.3 y 4, 43, 45, 46, 47 y 51).
— A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
— A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25) e demais disposicións regulamentarias.
— A Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (art. 80).
— A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
— A Lei 14/1986, de 8 de maio, Xeral de Sanidade.
— A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas.
— A Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
— A Lei Orgánica 9/1983, de 15 de xullo, reguladora do dereito de Reunión.
— A Lei 10/2008, de 3 de novembro de 21 de abril, de Residuos de Galicia.
— A Lei 13/2006, de 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.
— A Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído é demais disposicións regulamentarias.

*Artigo 3. OBXECTO DA ORDENANZA*

O obxecto da presente Ordenanza é regulamentar a utilización dos espazos públicos pola cidadanía, evitando usos excluíntes e abusivos de ditos espazos que alteren gravemente a convivencia cidadá.

Recoñécese, non obstante, o dereito dos cidadás a facer uso dos espazos públicos sen mais limitacións que as impostas polas normas de aplicación e as derivadas do respecto aos principios e dereitos citados no artigo 1.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

*Artigo 4. EXCLUSIÓNS*

Sen prexuízo do cumprimento das normas aplicables en materia de orden público e de seguridade cidadá, así como as relativas a espectáculos públicos e actividades recreativas, quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente Ordenanza:

1) A permanencia durante o horario establecido regulamentariamente de persoas en espazos abertos destinados a terrazas e veladores de establecementos públicos sometidos a normativa aplicable en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

2) A permanencia de persoas en espazos abertos do termo municipal destinados á celebración de festas e feiras locais, verbenas populares, así como manifestacións de carácter relixioso, político, sindical, docente, turístico, cultural ou análogo.

3) O exercicio dos dereitos de reunión e manifestación, debidamente comunicados conforme á lexislación vixente.

*Artigo 5. ACTIVIDADES PROHIBIDAS*

1) Prohíbese a permanencia e concentración de persoas en espazos abertos do termo municipal que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.

Considerase alterada gravemente a convivencia cidadá, cando concorran polo menos dúas das seguintes circunstancias:

a) Alto número de persoas concentradas nos espazos abertos. O elevado número de persoas estará en relación coa superficie do espazo e mailo número de vivendas existentes no entorno.

b) As concentracións teñan carácter continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.

c) Existencia de reiteradas queixas cidadás, denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións.

d) Existencia de actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos ou privados.

e) Informes municipais constatando a contaminación derivada da masiva concentración de persoas (contaminación acústica, problemas hixiénicos -sanitarios ou situación de insalubridade).

f) Que os feitos acontezan entre as 22:00 horas e as 09:00 horas do día seguinte.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

Enténdese por espazo aberto toda vía pública, zona ou área ao aire libre de dominio público ou patrimonial das Administracións Públicas.

Corresponde ao Concello, por acordo da Xunta de Goberno Local, determinar cando ás actividades ás que se refire o art. 5.1 da presente Ordenanza alteran gravemente a convivencia cidadá.

2) Nos establecementos públicos de consumo inmediato de bebidas tales como discotecas, pubs, bares, café–bares, etc., as bebidas deberán consumirse no interior de ditos establecementos, quedando prohibido o consumo das mesmas na vía pública, agás terrazas autorizadas de acordo coa Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

Os titulares dos establecementos públicos que permitan a consumición das bebidas que expidan fóra do seu establecemento e dos lugares autorizados, serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias orixinadas pola contaminación acústica por ruídos e vibracións que se puidesen producir, e como tal seralles de aplicación o réxime sancionador establecido nesta Ordenanza Municipal.

3) Prohíbese nas vías públicas a distribución e subministración de bebidas, aínda desde vehículos automóbiles, caravanas, barracas ou similares, ben a título oneroso ou gratuíto, agás supostos autorizados expresamente polo Concello.

4) Prohíbese a venda, distribución ou subministración de bebidas alcohólicas nos establecementos públicos que carezan de autorización a tal fin.

5) Ao abeiro do disposto no art. 13.1 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de drogas de Galicia, non se permite a venda ou subministración de bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, ou no caso de bebidas alcohólicas de máis de 18 grados centesimais aos menores de 18 anos.

6) Ao abeiro do disposto no art. 13.2 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de drogas de Galicia, non se poderá vender ou subministrar bebidas alcohólicas en:

— Locais e centros preferentemente destinados a menores de 18 años.
— Centros culturais.
— Centros educativos que imparten educación primaria e educación secundaria ou outras ensinanzas de nivel equivalente.
— Instalacións deportivas.
— Centros sanitarios.

Non se permitirá a venda ou subministración de bebidas cunha graduación alcohólica de máis de 18 grados centesimais en:

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HC0OLG

— Centros de educación superior e universitaria.

— Dependencias das administracións públicas.

7) Ao abeiro do disposto no art. 13.4 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de drogas de Galicia, a venda ou subministración de alcohol por medio de máquinas automáticas só poderá realizarse en lugares pechados, debendo constar na superficie frontal da máquina a prohibición do seu uso por menores de 18 anos.

8) Ao abeiro do disposto no art. 10 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia, o Concello poderá acordar de maneira singularizada, por razón de orde pública, impoñer aos establecementos comerciais que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas dende as 22:00 horas ata as 09:00 do día seguinte, con independencia do réxime de apertura que lles sexa de aplicación. A imposición desta prohibición comunicarase á Dirección Xeral competente en materia de comercio.

9) O Concello prohibe e impedirá as concentracións de persoas na vía pública que alteren a normal convivencia cidadá, sempre que se leven a cabo condutas que perturben o dereito das persoas ao descanso nocturno, entre as 22:00 horas e as 09:00 do día seguinte.

Se exceptúan do disposto no parágrafo anterior as manifestacións populares debidamente autorizadas, así coma outras festas patronais ou populares.

Os establecementos hostaleiros, incluídos os espazos ao ar libre anexos aos mesmos, rexeranse pola súa propia normativa de aplicación.

*Artigo 6. ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN*

1) A Xunta de Goberno Local declarará como zonas de especial protección os espazos abertos onde as concentracións reiteradas de persoas alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá segundo o establecido no artigo 5.1. En todo caso teñen a consideración de zona de especial protección os seguintes espazos: o Conxunto Histórico de Tui e mais a súa zona de respecto.

2) Unha vez declaradas, as zonas protexidas serán sinalizadas verticalmente, quedando prohibido nas mesmas, a permanencia e concentración de persoas consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, dentro do horario de descanso nocturno que abrangue entre as 22:00 horas e as 09:00 horas do día seguinte.

3) O Concello elaborará cada ano un informe público de seguimento da zona declarada como de especial protección a los efectos de manter ou levantar a prohibición acordada.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

## *TÍTULO II*
## *MEDIDAS PREVENTIVAS*

*Artigo 7. INFORMACIÓN , EDUCACIÓN E ORIENTACIÓN*

O Concello co fin de acadar uns estándares mínimos de convivencia cidadá, garantir o civismo e mellorar a calidade de vida no espazo público da nosa cidade promoverá campañas informativas, especialmente dirixidas a xuventude, para concienciar a cidadanía sobre os nocivos efectos do consumo abusivo de bebidas alcohólicas e outras substancias, a fin de modificar hábitos e actitudes en relación co seu consumo.

Asemade, dentro das accións de prevención, educación e orientación, o Concello fomentará o diálogo con organización xuvenís, de pais e nais, veciñais e nos centros educativos co fin de exercer unha labor preventiva entre a xuventude do consumo de bebidas alcohólicas e no respecto o entorno e a veciñanza.

Finalmente, o Concello desenvolverá campañas de fomento da convivencia cidadá e social e do consumo responsable de bebidas alcohólicas.

*Artigo 8. OCIO ALTERNATIVO*

O Concello elaborará un Plan de actividades lúdico–culturais e deportivas co obxecto fundamental de ofrecer aos mozos e mozas unha alternativa de ocio diferente á baseada no mero consumo abusivo de alcohol e demais drogas.

## *TITULO III*
## *RÉXIME SANCIONADOR*

*Artigo 9. PRINCIPIOS XERAIS*

O réxime sancionador desta Ordenanza réxese polos principios contidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e no Real Decreto 1389/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e conforme ao disposto no título XI da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

*Artigo 10. DEREITOS DO PRESUNTO RESPONSABLE*

Ao abeiro do disposto no artigo 135 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o procedemento sancionador garantirá ao presunto responsable os seguintes dereitos:

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HC0OLG

— A ser notificado dos feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, no seu caso, se lles puidesen impoñer, así como da identidade do instrutor, da autoridade competente para impoñer a sanción e da norma que atribúa tal competencia.
— A formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico que resulten procedentes.
— Aos demais dereitos recoñecidos polo artigo 35 da Lei 30/1992.

*Artigo 11. COMPETENCIA SANCIONADORA*

O exercicio da potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1 l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a cal poderá delegar a mesma nos termos legalmente previstos.

*Artigo 12. POLICIA ADMINISTRATIVA*

Na súa condición de policía administrativa, a policía local, de acordo co disposto nos artigos 8.1.d) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, e 53.1d) da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, é a encargada de velar polo cumprimento desta Ordenanza, denunciando, cando proceda, as condutas que sexan contrarias á mesma.

*Artigo 13. PRESUNCIÓN DE VERACIDADE*

Nos procedementos sancionadores que se instrúan por aplicación desta Ordenanza, os feitos constatados polos axentes da autoridade terán presunción de veracidade a efectos probatorios, sen prexuízo das probas que poidan aportar os interesados.

Aos efectos de poder incoar o correspondente procedemento sancionador, os axentes da autoridade requirirán á persoa presuntamente responsable para que se identifique. De non se conseguir a identificación da persoa que cometera a presunta infracción, os axentes da autoridade poderán requirila para que, ao obxecto de incoar o correspondente procedemento sancionador, os acompañe ás dependencias próximas que conten con medios adecuados para realizar as dilixencias de identificación, a estes únicos efectos e polo tempo imprescindible, informando á persoa presuntamente infractora dos motivos do requirimento de acompañamento.

*Artigo 14. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS*

Nos supostos recollidos neste título os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelarmente as bebidas, os envases e os demais elementos afectados á infracción cometida.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

*Artigo 15. RESPONSABILIDADES*

1.—Só poderán ser sancionados por feitos que constitúan infracción ao disposto na presente Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos mesmos, aínda a título de simple inobservancia

2.—No caso de que una vez practicadas as dilixencias de investigación oportunas tendentes a individualizar a responsabilidade dos infractores non fora posible determinar o grao de participación dos diversos suxeitos que interveñan na comisión da infracción, a súa responsabilidade será solidaria.

3.—No suposto de acción cometidas por menores de idade, os país, as nais ou as persoas que resulten legalmente responsables dos mesmos, serán responsables civís dos danos e prexuízos que se deriven das accións dos menores. En todo caso, os país, nais ou persoas que resulten legalmente responsables recibirán comunicación das infraccións cometidas polos menores ó seu cargo. Así mesmo, tamén poderase dar traslado da comunicación ao órgano competente de menores da Xunta de Galicia.

*Artigo 16. INFRACCIÓNS*

As infraccións administrativas contra a presente Ordenanza clasificaranse en moi graves, graves e leves, de conformidade cos criterios establecidos no art. 140 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de modernización do goberno local.

*Artigo 17. INFRACCIÓNS MOI GRAVES*

Constitúen infraccións moi graves:

1) As perturbacións de convivencia cidadá que afecte de maneira grave, inmediata e directa, a tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas ou o normal desenvolvemento de actividades de toda clase ou a salubridade ou ornato públicos e cando elo se derive da concentración de persoas na vía pública nas que se consuma ou non alcohol entre as 22:00 horas e as 09:00 horas.

2) O incumprimento das ordenes e sinalizacións relativas a espazos de especial protección referidos no artigo 6º ou dos requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes en aplicación directa do disposto nesta Ordenanza.

3) As acción u omisións constitutivas de condutas obstrucionistas ás tarefas de control, investigación ou sanción dos axentes da autoridade e poderes públicos no exercicio das súas función competenciais para o cumprimento da presente Ordenanza.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HC0OLG

4) O impedimento do uso dun servizo ou espazo público por outra u outras persoas con dereito á súa utilización.

5) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

6) Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalación ou elementos dun servizo público.

7) Os actos de deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalación e elementos, sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

8) Distribuír ou subministrar bebidas na vía pública, aínda desde vehículos automóbiles, caravanas, barracas ou similares, ben a título oneroso ou gratuíto, agás supostos autorizados expresamente polo Concello.

9) A comisión no termo dun ano de mais dunha falta grave cando a primeira delas se declarara firme en vía administrativa.

*Artigo 18. INFRACCIÓNS GRAVES*

Constitúen infraccións graves:

1) As concentracións de persoas na vía pública o en espazos abertos do termo municipal declarados como zonas especialmente protexidas que afecten negativamente a convivencia cidadá entre as 22:00 horas e as 09:00 horas e non podan ser incluídas no apartado 1) do artigo anterior, que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.

2) A mera obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

3) A obstrución a labor dos inspectores ou axentes da autoridade.

4) A realización de actos que ocasionen danos ou estragos ao mobiliario ou equipamento urbano impedindo o seu normal uso, facéndoos inservibles para o mesmo ou cando o custo de reparación sexa superior en mais dun 30% do valor de mercado do referido mobiliario ou equipamento.

5) Feitos que ocasionen estragos ou danos a elementos de ornato público tales como estatuas, fontes, de forma que desvirtúen a súa normal contemplación.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

6) A práctica de xogos nos espazos abertos que implicasen un risco relevante para a seguridade de persoas ou bens e, especialmente, a circulación temeraria con patíns ou monopatíns por beirarrúas ou lugares destinados aos peóns. Nestes casos, os axentes informarán, en primeiro lugar, a estas persoas de que ditas prácticas están prohibidas. Se a persoa persistirá na súa actitude, procederase a realizar a correspondente denuncia e intervirase cautelarmente o xogo, monopatín, patín ou similar co que se houbese producido a conduta.

7) A comisión no termo dun ano de mais dunha falta grave cando a primeira delas se declarara firme en vía administrativa.

*Artigo 19. INFRACCIÓNS LEVES*

Constitúen infraccións leves:

1) A realización de actos que ocasionen danos ou estragos no mobiliario ou equipamento urbano pero non impiden o seu uso, tales como pintadas, grafittis, rezalos, etc.

2) Utilización dos espazos públicos ou dos seus elementos para usos distintos da súa finalidade tales como bañarse ou lavarse nas fontes públicas, estanques ou similares; acampar nas vías ou espazos públicos, acción que inclúe a instalación nestes espazos de tendas de acampada, vehículos autocaravanas, caravanas ou similares salvo nos lugares expresamente autorizados.

3) Pisar a zonas axardinadas o atentar contra a flora urbana.

4) Realizar necesidades fisiolóxicas nos espazos públicos agás nas instalacións destinadas especialmente á realización das mesmas.

5) Obstruír o acceso aos portais veciñais ou a entrada de garaxes públicos ou privados de xeito que se impida a súa normal utilización.

6) Timbrar indiscriminadamente nos portais dos edificios de xeito que se impida o descanso nocturno.

7) Golpear o mobiliario urbano ou os residuos existentes na vía pública producindo unha notable afección acústica que, resulte inadmisible, a xuízo da policía local.

*Artigo 20. SANCIÓNS*

Polas infraccións previstas nesta Ordenanza imporanse as seguintes sancións:

1) Infraccións leves: multa de 300 € ata 750 €.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

2) Infraccións graves: multa de 751 € ata 1.500 €.

3) Infraccións moi graves: multa de 1.501 € ata 3.000 €.

*Artigo 21. DA GRADUACIÓN NA IMPOSICIÓN DAS SANCIÓNS*

A imposición das sancións previstas nesta Ordenanza terá en conta o principio de proporcionalidade e, en todos caso, os seguintes criterios de graduación:

1) A gravidade e transcendencia da infracción.

2) A existencia de intencionalidade.

3) A natureza dos prexuízos causados.

4) A reincidencia.

5) A reiteración.

6) A capacidade económica da persoa infractora.

7) O beneficio obtido.

Enténdese que hai reincidencia cando se cometa no prazo dun ano mais dunha infracción administrativa da mesma natureza e tivese sido declarada por resolución firme en vía administrativa.

Existe reiteración cando a persoa responsable xa ten sido sancionada por infracción desta Ordenanza o cando estanse a instruír outros procedementos sancionadores por infracción desta Ordenanza.

*Artigo 22. SUBSTITUCIÓNS DAS MULTAS*

As sancións económicas impostas pola comisión de infraccións graves ou leves en aplicación desta Ordenanza poderán ser substituídas:

1) Se o infractor acepta a realización de actividades en beneficio da comunidade que se establezan, de selo caso, polo Concello. En ningún caso as prestacións en beneficio da comunidade poderán consistir en tarefas propias do persoal municipal.

2) So e infractor participa en cursos ou sesións formativas que determine o Concello que puideran impartirse sobre prevención dos actos vandálicos e convivencia cidadá e civismo ou sobre consumo de alcohol e os seus efectos nocivos para a saúde.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

Estas medidas poderán ser adoptadas sempre que medie o consentimento previo do interesado ou dos seus representantes legais. Non obstante, no caso de inasistencia aos cursos, sesións formativas traballos ou actividades en beneficio da comunidade, ou incumprimento do compromiso polo infractor, procederá executar a correspondente sanción pecuniaria.

*Artigo 23. REPARACIÓN DOS DANOS*

As sancións contidas neste Título enténdese sen prexuízo de que o Concello poida reclamar, polas vías legais que sexan de aplicación, as indemnizacións polos danos sufridos polo seu patrimonio como consecuencia de actos vandálicos cometidos con ocasión de actividades regulamentadas nesta Ordenanza.

*Artigo 24. PRESCRIPCIÓN DAS INFRACCIÓNS E DAS SANCIÓNS*

As infraccións moi graves prescriben aos tres años, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses da súa comisión.

As sancións impostas por faltas moi graves prescriben aos tres años, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse a partir do día no que se tivese cometido a mesma e interrómpese dende o intre no que o procedemento se dirixa contra o presunto infractor.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

*Artigo 25. PAGO DAS SANCIÓNS E DESTINO DAS MULTAS*

As sancións poderán facerse efectivas desde o mesmo momento de recepción do boletín de denuncia ou acta de inspección ou, no seu defecto, na notificación posterior da denuncia polo instrutor do expediente, comparecendo na caixa municipal ou nas entidades colaboradoras a estes efectos ónde se expedirá a correspondente carta de pago cunha bonificación do 30% sobre a contía correspondente e sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos ou de realizar as alegacións que se estimen oportunas.

A bonificación sinalada será aplicada o pago que teña lugar antes de que se dite a resolución do expediente sancionador.

O abono do importe da sanción implica a terminación do procedemento unha vez concluído o prazo do trámite para formular alegacións sen que estas foran realizadas, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos correspondentes.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG

Finalmente, o importe económico das sancións impostas por aplicación desta Ordenanza quedará afecto e deberá destinarse integramente a mellorar nas súas diversas formas o espazo urbano como lugar de encontro e de convivencia ou ben a financiar campañas municipais formativas, educativas e informativas, especialmente dirixidas á xuventude, para concienciar á cidadanía sobre os efectos nocivos que o consumo abusivo do alcohol o outras drogas teñen na saúde.

*Artigo 26. POSIBLE APRECIACIÓN DE DELITO*

Cando as condutas a que se refire esta Ordenanza puideran constituír infracción penal remitiranse ao ministerio fiscal ou á autoridade xudicial que corresponda os antecedentes necesarios das actuacións practicadas.

*DISPOSICIÓN DEROGATORIA*

Quedan derrogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferir rango se opoñan ao previsto nesta Ordenanza.

*DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA*

A Alcaldía Presidencia do Concello de Tui queda facultada para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

*DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA*

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación."

Tui, 15 de abril de 2016.—O Concelleiro Delegado de Seguridade, José Ramón Magán Rivera.

Código seguro de verificación: V8UEXZ9SV3HCOOLG